



PLAN DIGITAL

C.E.I.P. Plurilingüe Seis do Nadal

10 de xuño de 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro.
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.
- 1.3. Breve xustificación do mesmo.
- 1.4. Proceso de elaboración.

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.
- 2.3. Análise DAFO.

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións.
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción.
- 4.2. Propostas de mellora (revisión).

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- **Nome do centro:** C.E.I.P. PLURILINGÜE SEIS DO NADAL
- **Dirección:** Rúa Mondariz, 2.
 - **Código postal:** 36209.
 - **Cidade:** Vigo (Pontevedra).
- **Correo electrónico:** cep.seisdonadal@edu.xunta.gal
- **Páxina web:** <https://www.edu.xunta.gal/centros/cepseisdonadal/>
- **Etapas educativas:** Educación Infantil e Educación Primaria.
- **Número de profesorado:** 40 docentes.
- **Número de alumnado:** 389 alumnas e alumnos.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O C.E.I.P. Plurilingüe Seis do Nadal é un colexio público no que se imparten as etapas de Educación Infantil e Educación Primaria. Está asentado na Rúa Mondariz nº 2 no barrio de Coia, en Vigo. Trátase dun barrio obreiro que creceu na década dos 80 como una extensión da cidade con vivendas construídas por cooperativas de traballadores dos estaleiros, traballadores de Citroën, de funcionarios e por iniciativa de Caixanova. As familias que acoden ao centro teñen, xeralmente, un nivel económico, social e cultural medio. Son familias implicadas no proceso de ensino-aprendizaxe e cunha alta participación na ANPA.

O Proxecto Educativo do centro recolle entre os seus sinais de identidade a identidade dixital. A promoción do uso da tecnoloxía de información e da comunicación constitúe un factor esencial para facilitar cambios metodolóxicos que proporcionen novos elementos e oportunidades para o éxito educativo, facilitando a motivación e a integración do alumnado. Así mesmo, entre os seus obxectivos pedagóxicos establece o de “Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación e desenvolver un espírito crítico ante as mensaxes”.

O Plan Dixital contribúe ao cumprimento do establecido no Proxecto Educativo. Nesta mesma liña, elaboramos o Plan Dixital como unha proposta orientada á innovación e á mellora da calidade educativa seguindo a traxectoria do centro que adoita participar en iniciativas como o PLAMBE, a Biblioteca, as seccións bilingües, os plans proxecta e os contratos-programas (como o PROA + do Recupéra-T ou os patios dinámicos inclusivos do CPIInclúe).

A elaboración do Plan Dixital serviu para identificar as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades do centro, do profesorado e do alumnado, aspectos a mellorar na Programación Xeral Anual do curso 22/23.

1.3. Xustificación normativa do Plan Dixital

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LOE 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

O proceso de elaboración do Plan Dixital desenvólvese en dúas fases:

1º) Identificación de necesidades:

- Desde o equipo TIC difundimos o cuestionario Selfie de aplicación ao equipo directivo, ao profesorado e ao alumnado de 5º e 6º curso de educación primaria.
- Todo o profesorado realiza o Test de competencia dixital (Test CDD).
- Desde o equipo TIC elaboramos unha matriz DAFO onde quedan rexistradas as debilidades, as ameazas, as fortalezas e as oportunidades.

2º) Elaboración do Plan Dixital:

- Propoñemos uns obxectivos orientados á mellora das nosas debilidades.
- Establecemos as accións a levar a cabo coa súa correspondente temporalización e indicadores de logro.
- Establecemos o procedemento para a difusión e avaliación do plan.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro educativo conta co seguinte equipamento:

- Ordenador, pantalla dixital, proxector e periféricos en todas as aulas.
- Seis ordenadores, fotocopiadora e proxector na sala de mestres.
- 5 ordenadores nos despachos de dirección, secretaría e orientación.
- Bibliolab, na que hai un ordenador, tabletas, robótica educativa, impresora 3D, lapis 3D e material bibliográfico.
- Biblioteca, que conta con catro ordenadores táctiles para o alumnado e un para o profesorado, proxector e equipo de son, ademais de bibliografía escolar.
- Na aula tic existen 25 ordenadores para o alumnado, un para o profesorado, encerado dixital, proxector, periféricos (os ordenadores do alumnado inclúen auriculares) e equipo de son.
- Sala Rosalía (Radio): un ordenador, micrófono, amplificador, altofalantes e proxector.
- Ordenador portátil, proxector e equipo de son no ximnasio que serve tamén como salón de actos.
- Portátil, altofalantes e proxector na aula de psicomotricidade.
- Proxector na entrada do centro para exposicións.
- Equipo de son exterior controlado desde a sala Rosalía.
- Nas aulas de Apoio e Audición e Linguaxe hai un ou dos ordenadores para a elaboración de materiais e para traballar co alumnado.
- Aula de inglés: dous ordenadores, proxector, impresora, encerado dixital e periféricos.
- Educación Musical: ordenador, proxector, encerado dixital e periféricos.

- O centro tamén conta cunha aula multisensorial con equipo específico, ordenador, proxector, equipo de son, e múltiples dispositivos tecnolóxicos para a estimulación sensorial.
- O centro conta tamén con 25 portátiles táctiles dotados pola Consellería para o préstamo ás familias en caso de confinamentos, enfermidades largas...

O centro está adscrito ao espazo Abalar, co uso de Abalar Móbil.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado	-				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,1				
	Profesorado	2,7				
	Alumnado	3,4				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,1				
	Profesorado	4,0				
	Alumnado	3,9				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,9				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado	-				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,1				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado	-				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,2				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado	3,9				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,9				
	Profesorado	2,6				
	Alumnado	-				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,6				
	Profesorado	3,4				
	Alumnado	3,9				

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	20	30	66,7%
PROVISIONAL	3	4	75%
INTERINO	3	5	60%
SUBSTITUTO	8	10	80%
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
72,9	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
EI	59,4	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
EP	86,1	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	2,9%
A2	15	42,9%
B1	12	34,3%
B2	7	20%
C1		
C2		
TOTAL	35	100%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1. C1, C2, C3, C5, C7 e C8 Contamos con equipamentos, conectividade e instalacións axeitadas.	
	PERSONAL DOCENTE	1. E1 e E4 Utilizamos a tecnoloxía para busca de recursos e comunicación coa comunidade educativa. 2. F1 Adaptamos as actividades ás necesidades do noso alumnado. 3. F4 Empregamos ferramentas dixitais motivadoras.	1. B1 Falta o uso da tecnoloxía dixital para a avaliación. 2. B2 Falta debate sobre o uso da tecnoloxía 3. B3 Falta colaboración con outras entidades. 4. D1 e D3 Falta de comunicación entre o equipo directivo e o profesorado en canto a reflexión e intercambio de necesidades e experiencias relacionadas co DPC. 5. E2 e E3 Falta creación de recursos educativos dixitais e non se empregan os contornos virtuais. 6. F3 Falta de fomento de actividades dixitais creativas. 7. F5 Escaso emprego de tecnoloxía dixital para facilitar a colaboración entre o alumnado. 8. F6 Escaso fomento da participación en proxectos interdisciplinares usando tecnoloxía. 9. Falta de emprego de tecnoloxías dixitais no proceso de avaliación, retroalimentación e observación.
	PERSONAL NON DOCENTE	1. H1, H3, H4, H6, H7 e H8 O alumnado aprende a desenvolver a súa competencia dixital de forma segura, crítica e responsable.	
	ALUMNADO	1. H1, H3, H4, H6, H7 e H8 O alumnado aprende a desenvolver a súa competencia dixital de forma segura, crítica e responsable.	
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		1. A1 e a2 Falta de estratexia dixital 2. B1

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. C7 O centro conta coa protección de datos ofrecida pola administración educativa.	
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		1. B3 Falta colaboración con outras entidades.

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para elaborar este plan de acción seguimos unha serie de pasos:

En primeiro lugar, establecemos unhas liñas prioritarias de acción e determinamos os seguintes obxectivos¹:

- Iniciarse no uso da tecnoloxía no proceso de avaliación. O fin deste obxectivo é que todo o profesorado informatice o proceso de avaliación.
- Debater sobre o uso de tecnoloxía nas aulas. Este obxectivo permitirá facer un uso responsable da tecnoloxía nas aulas.
- Mellorar a colaboración entre o alumnado por medio das TIC. Permitirá integrar a todo o alumnado no uso das TIC.
- Favorecer a comunicación entre o equipo directivo e o profesorado. Permitirá crear novas canles de comunicación mediante o uso de ferramentas corporativas.
- Crear contidos dixitais e compartilos a través da aula virtual. Servirá para enriquecer a nosa labor docente a través das TIC.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Necesidade de mellora da infraestruturas dixital:

- Infraestruturas de datos (conectividade a internet): solicitude de amplificadores wifi.
- Infraestruturas de voz (telefonía): utilización de teléfonos inalámbricos no centro.
- Infraestruturas de conexión: equipamento (ordenadores, proxectores) que permita compartir material de forma sinxela e rápida (bluetooth, wifi, smart view...)

1 Todos estes obxectivos estarán especificados no apartado 3.3. Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción.

3.3. Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”:B. Colaboración e redes						
1. OBXECTIVO (1):	Iniciarse no uso da tecnoloxía no proceso de avaliación.				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de estudos e departamento de orientación.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Uso da tecnoloxía no proceso de avaliación por parte do profesorado.					
Valor de partida (3)	Falta de uso.					
Valor previsto e data (4)	Utilización por parte do 100% das persoas titoras.					30 de xuño de 2023.
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1:Reunión da xefatura de estudos para tomar decisións sobre que medios empregar.	Equipo directivo	30 de xuño de 2023	Recursos dixitais para a avaliación. (idoceo, ou as aportadas no seu momento pola consellería de educación)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Avaliar a utilidade dos medios empregados.	Equipo directivo	Finalización do segundo trimestre.	Recursos dixitais para a avaliación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: B. Colaboración e redes						
2. OBXECTIVO (1):	Debater sobre o uso de tecnoloxía nas aulas.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo tic				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Introdución do uso da tecnoloxía mediante ferramentas colaborativas.					
Valor de partida (3)	Análise do punto de partida.					
Valor previsto e data (4)	Manexo destas ferramentas colaborativas polo 40% do profesorado.				30 de xuño de 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Oferta de ferramentas para o uso das tic nas aulas.	Equipo directivo e equipo tic.	Setembro de 2023	Equipamento tic.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Análise do punto de partida.	Equipo Tic.	Setembro de 2023	Equipamento tic.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Valoración final da actuación.	Profesorado.	Terceiro trimestre.	Equipamento tic.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: F. Pedagogía: implementación na aula.						
3. OBXECTIVO (1):	Mellorar a colaboración entre o alumnado por medio das tic.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo tic.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Fomento do uso da tecnoloxía de modo colaborativo entre o alumnado.					
Valor de partida (3)	Análise do punto de partida.					
Valor previsto e data (4)	Manexo destas ferramentas colaborativas polo 30% do alumnado do terceiro ciclo.				30 de xuño de 2023.	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Análise do nivel de competencia dixital do alumnado no referente ás ferramentas colaborativas na rede.	Equipo directivo	Primeiro trimestre.	Equipamento tic.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Oferta de ferramentas para o uso das tic nas aulas.	Equipo directivo e equipo tic.	Primeiro trimestre.	Equipamento tic.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Valoración final da actuación.	Profesorado.	Terceiro trimestre.	Equipamento tic.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: D. Desenvolvemento profesional continuo.						
4. OBXECTIVO (1):	Favorecer a comunicación entre o equipo directivo e o profesorado.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo e profesorado.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Uso da tecnoloxía no proceso comunicativo por parte do profesorado.					
Valor de partida (3)	Escaseza de comunicación					
Valor previsto e data (4)	Durante todo o curso académico polo 100% do profesorado.				30 de xuño de 2023.	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Realización dinámica que fomenten a comunicación entre os interciclos e que o trasladen ao equipo directivo.	Equipo directivo e profesorado do centro.	Finalización do terceiro trimestre.	Recursos humanos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Avaliación da utilidade dos medios empregados.	Equipo directivo.	Finalización do terceiro trimestre.	Recursos tecnolóxicos do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3. Mellora das canles de comunicación do centro.	Equipo directivo.	Finalización do terceiro trimestre.	Uso do correo electrónico corporativo, aula virtual e páxina web do centro. Evitando o uso de aplicacións de mensaxería instantánea.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: E. Pedagogía: apoios e recursos.						
5. OBXECTIVO (1):	Crear contidos dixitais e compartilos a través da aula virtual.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo e equipo tic.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Ampliación do número de docentes no uso deste tipo de recursos.					
Valor de partida (3)	Grupo minoritario que emprega estas ferramentas.					
Valor previsto e data (4)	Utilización por parte do 100% do profesorado.				30 de xuño de 2023.	
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRIPCIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Realización de cursos impartidos polo profesorado do equipo tic ou profesionais externos (CFR, entre outros).	Equipo directivo e equipo tic.	Finalización do terceiro trimestre.	Recursos tics e humanos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Elaboración de materiais didácticos con ferramentas dixitais.	Equipo directivo e equipo tic.	Finalización do terceiro trimestre.	Recursos tics e humanos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

O presente plan dixital deberá ser avaliado de modo procesual unha vez ao trimestre e a modo de avaliación final ao remate do curso, tendo presentes a data do valor previsto nos obxectivos do plan de acción do apartado 3. Plan de acción.

5. Difusión do plan

A difusión do plan levarase a cabo a través das diferentes plataformas coas que conta o centro educativo, citadas neste documento.